UGT Galicia
GALICIA LABORAL
Diario dixital da UGT de Galicia
ISSN 1989-3299
man a man
Polos teus dereitos
nº 469 29 de abril e Primeiro de maio

UGT CHAMA Á CIDADANÍA GALEGA A PARTICIPAR NAS MOBILIZACIÓNS DO 29 DE ABRIL E DO PRIMEIRO DE MAIO PARA DEMANDAR "TRABALLO, DIGNIDADE E DEREITOS" E PARA DENUNCIAR QUE "COA EDUCACIÓN E A SANIDADE NON SE XOGA"

Redacción.- UGT-Galicia chama á cidadanía galega a participar os vindeiros días 29 de abril e Primeiro de maio nas mobilizacións convocadas nas principais cidades e vilas galegas, dentro do contexto de protestas que se iniciou o pasado 19 de febreiro e que se manterá no tempo mentres o Goberno non mude o seu xeito de actuar, a adopción de continuas e moi lesivas medidas de axuste só destinadas a mermar os dereitos dos traballadores e o estado do benestar pero que en nada van contribuír á recuperación económica.

Concretamente, o día 29 de abril as mobilizacións están convocadas, por UGT e CCOO, baixo o lema "Coa educación e a sanidade non se xoga". O Primeiro de Maio denunciarase que "Queren acabar con todo. Traballo, dignidade e dereitos".

Na rolda de prensa de presentación de ambas mobilizacións, o secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez, explicou que, un ano máis, o día 1 de maio imos celebrar o Día internacional do Traballo baixo o lema "queren acabar con todo, traballo, dignidade e dereitos", pero nesta ocasión, enmarcada a data nun contexto sociolaboral especialmente complexo no que os traballadores están a ser cada vez mais vítimas dunha crise que non xeneraron e día tras día están a ver como se lles priva dos dereitos que conqueriron nestes últimos anos de democracia con moito traballo e un longo camiño de loita.

Pero, ademais, tamén nos imos manifestar o domingo 29 de abril, baixo o lema "Ca sanidade e a educación non se xoga", ante os recortes aprobados bados polo Goberno no úlltimo Consello de Ministros.

Pretendemos que estas manifestacións cívicas, plurais e abertas do conxunto da cidadanía expresen o malestar dos cidadáns ante a imposición por parte do Goberno das súas políticas de recorte.

Día a día temos o convencimento de que a maioría da opinión pública comparte a idea de que estas políticas non son axustes temporais, senón que son axustes para quedarse e que se van convertir en algo irreversible do noso Estado social e democrático.



Os recortes do Goberno postergan o inicio da recuperación e nos condenan á recesión, por elo, consideramos que é necesario reorientar a situación actual e non seguir docilmente a folla de ruta marcada polo eixo franco-alemán e a Comisión Europea. Porque cas medidas que se están tomadon hai máis probabilidades de matar ao ferido que de curalo.

Neste contexto, seguimos demandando e cremos que urxe un gran consenso político e social cun marco de equilibrio para priorizar o crecemento da economía e o emprego baixo un modelo social axeitado. Ese debe ser o obxectivo. Cremos que o Goberno debería "reflexionar" ó redor das accións que está presentando, e non facer oídos xordos das demandas da cidadanía. Cada día que fai oídos xordos a confianza e esperanza dos cidadáns para saír da crise vai menguando. E o malestar cada vez é máis crecente.

Por elo, debería darse conta da necesidade de afrontar as medidas a adoptar nunha situación de crise como a que vivimos con "diálogo social", xa que por si sós non van poder abordar este tipo de cuestións, como a sanidade ou a educación pública, que deberían ter un "interese compartido".

En relación á reforma laboral, o Goberno debería aproveitar o período de emendas para corrixila en profundidade, sobre todo, despois da maioritaria resposta en contra que lle deron os traballadores na folga xeral do pasado 29 de marzo.

As consecuencias da reforma xa se están percibindo. Máis paro, máis precariedade. Onte se coñeceron os datos de despedimentos por Expedientes de Regulación de Emprego (ERE) ata febreiro e a incidencia foi maior que no mesmo período de hai un ano. Máis destrución de emprego e maior precariedade.

Concretamente, os últimos datos de paro rexistrado referidos a marzo, 276.795 desempregados en Galicia e 4.750.867 no resto do Estado, evidencian o fracaso da reforma laboral.

Manifestacións do 29 de abril

A CORUÑA con saída da Praza da Palloza ás 12.00

FERROL con saída da Praza do Inferniño ás 12.00

SANTIAGO con saída da Alameda ás 12.00

LUGO con saída da Sede sindical ás 12.00

BURELA na Praza da Mariña a partir das 12.30 horas.

OURENSE con saída do Pavillón dos Remedios ás 12.00

AROUSA con saída da Praza de Ravella ás 12.00

PONTEVEDRA con saída de Praza da Ferrería ás 12.00

VIGO con saída de Vía Norte/Urzáiz ás 12.00

Os datos do paro facilitados polo INEM, marcando de novo un máximo histórico e cunha tendencia crecente e continuada, evidencian, que a reforma laboral imposta polo Goberno do PP segue a amosarse inútil, inxusta e ineficaz.

A todo isto lle engadimos además que o Executivo persiste no erro de aprobar uns Orzamentos que provocarán máis contracción económica, máis paro e máis regresión social. É evidente que a prioridade equivocada do Goberno segue a ser o déficit, non o emprego, de feito, ven de recoñecer que este ano perderanse 630.000 postos de traballo máis. Cando debería apostar por medidas a favor da economía produtiva.

Os orzamentos supoñen o maior recorte ao estado de benestar da historia de España. Son unhos orzamentos moi lesivos contra os que menos teñen e máis necesitan e que en nada axudan tampouco ao tan demandado cambio de modelo produtivo para saír da crise. Representan o sacrificio da capacidade e desenvolvemento económico e da calidade de vida das persoas para contentar aos mercados. Traerán máis paro, maís inxustiza e afectarán dun xeito moi negativo á sanidade, educación e servizos sociais.

Son os orzamentos dos seis millóns de parados. Resulta moi ilustrativa e moi difícil de xustificar a redución do gasto en políticas activas de emprego en 1.558 millóns, que incluso pode facer perigar os acordos asinados en Galicia.

Pero é que a todo isto, a uns orzamentos xa de por si regresivos social e economicamente, hai que engadirlle que o Goberno, deulle un varapalo máis ao estado de benestar anunciando novos recortes por unha contía total de 10.000 millóns de euros en sanidade e educación. Recortes que atenden, unha vez máis, á necesidade urxente do Goberno de reafirmar ante os mercados e a UE o seu compromiso co cumprimento dos obxectivos do déficit. Un compromiso que traiciona outro, o que ten coa sociedade española, que asiste perplexa á imposición dunha política económica que está sumindo ao noso país na pobreza.

As rendas dos cidadáns deben coñecerse a efectos fiscais pero non nas portas dos servizos sanitarios

En materia sanitaria, ás medias que xa se están adoptando, coa paralización de investimentos, redución de persoal e equipos, peche de unidades, plantas e camas e incremento das listas de espera, que supoñen un deterioro da calidade sanitaria, hai que engadirlle os recortes anunciados polo Goberno co establecemento dun repago nas prestacións farmacéuticas.

Iniciouse un camiño especialmente perigoso ao poñer enriba da mesa fórmulas de copago no sistema sanitario español. Cremos que as rentas das persoas hai que telas en conta a efectos fiscais e e impositivos pero non ás portas dos servizos sanitarios.

Ademais, de novo, o Goberno atenta contra as patas máis débiles da sociedade, neste caso, contra 8 millóns de pensionistas que terán que incorporarse ao copago farmacéutico, cando é archisabido que no noso país nos queda un treito longo por percorrer a hora de equiparar as nosas pensións cos promedios da UE. E arremete tamén contra outro dos pilares básicos do estado do benestar e, ademais, a base sobre a que tecen os fíos do futuro dun país, a educación.

O incremento dos rateos nun 20 por cento supón masificar as aulas, sobre todo, nas cidades, impedindo unha boa atención ao alumnado que é garante do éxito escolar. Por outra banda, o incremento de rateos supón unha diminución xeneralizada das aulas no medio rural, que traerá como consecuencia en Galicia un maior desarraigamento da poboación dos pobos. O incremento das horas lectivas supón quitar un tempo valioso que o profesor dedica a outras actividades que repercuten no proceso de aprendizaxe do alumnado e na calidade do ensino. Ademais, estas dúas medidas son un ataque frontal ao emprego no sector docente, xa que suporá que no curso 2012/13 haxa uns 80.000 profesores menos no noso sistema educativo.

Neste caso, o Goberno incumpre así as directrices da UE que recomendan deixar a educación á marxe de axustes orzamentarios, precisamente, para saír fortalecidos da crise no que supón o necesario cambio de modelo produtivo e o aumento da cualificación dos cidadáns. En Galicia hai que lembrar que a estes recortes hai que sumarlle os que xa se veñen sucedendo en educación dende o ano 2009, o que está a producir un deterioro significativo do sistema público educativo desta autonomía.

Nesta mesma liña hai que denunciar que o Goberno pon na picota o sistema universitario cun recorte de 250 millóns de euros. E introduce un incremento desproporcionado das taxas universitarias co que se pon en marcha unha medida de claro contido ideolóxico ó establecer unha barreira económica que dificultará o acceso en condicións de igualdade ao ensino universitario.

E como colofón, o Goberno ten unha resistencia ideolóxica a articular un sistema fiscal –xusto, equitativo, suficiente e progresivo- que garantice os noso nosos servizos públicos. E o que é peor, desenvolve unha amnistía fiscal en beneficio dos defraudadores e ós que pagan relixiosamente os seus impostos lles di que esto non chega e que ten que recortar servizos públicos esencias como a educación ou a sanidade.

Manifestacións e actos do Primeiro de maio

A CORUÑA 10.00 Ofrenda floral Cemiterio Civil. 11.00 Ofrenda floral Praza Pablo Iglesias. 12.00 Manifestación saída Praza da Palloza

FERROL 11.00 Ofrenda floral monumento Pablo Iglesias. 12.00 manifestación saída da Praza do Inferniño

SANTIAGO 11.00 Ofrenda floral Parque Pablo Iglesias. 12.00 manifestación saída da Alameda

BARBANZA 11.30 manifestación sáida Praza do Concello

LUGO o día 30 ofrenda floral ás 12.30 no Cemiterio A Torre, o día Primeiro de maio 12.00 manifestación saída Casa sindical

LEMOS o día 30 ofrenda floral na Glorieta Pablo Iglesias ás 12.00. 17.00 ofrenda floral Cemiterio Lemos

BURELA 12.00 saída Praza da Mariña

OURENSE 10.30 ofrenda floral Avenida Pablo Iglesias. 12.00 manifestación saída Pavillón deportes

PONTEVEDRA 12.00 manifestación saída de Praza da Ferrería

AROUSA 12.00 saída da Praza de Ravella

VIGO 10.00 Ofrenda floral no Cemiterio Pereiró. 11.30 manifestación saída de Vía Norte/Urzáiz